

Comprobación da lei das proporcións definidas

1. Obxectivo

O obxectivo principal desta práctica era demostrar as lei das proporcións definidas dunha maneira práctica en lugar de teórica para que nos quedase máis claro o concepto.

2. Introducción teórica

Proust comprobou que cando dous ou máis elementos se combinan para formar un mesmo composto, o fan nunha proporción de masa constante.

Demostrou por exemplo que sempre que o hidróxeno se combina con osíxeno para formar auga, o fan nunha relación que sempre constante: 8 g de osíxeno e 1g de hidróxeno obtendo 9 g de auga.

3. Materiais

a. Instrumentos

<p>Espátula</p> 	<p>Trípode de patas horizontais</p> 
 <p>Soporte</p>	<p>Mechero</p> 



b. Reactivos:

- Mg
- Oxíxeno

4. Diseño:

Nós utilizamos no diseño do experimento primeiro o soporte despois encima colocamos o trípode para suxeitar a cápsula e por último colocamos o mechero xustamente debaixo da cápsula para que se propagase máis rápido a calor.

5. Procedemento:

En primeiro lugar nós colocamos o soporte e o trípode enriba da chama do mechero.

Pesamos a cápsula na balanza e a continuación engadímoslle o Mg coa axuda dunha espátula ata chegar o peso que queremos obter (no noso caso 1g).

Colocamos a capsuliña enriba do soporte e xiramos a rodiña do mechero para conseguir obter uha chama o máis oxidante posible (cor azul).

Separámonos da reacción por si sucedía algún problemae dende o outro lado da aula esperamos ata que a cápsula se puxera o vermello vivo.

Todo saiu ben excepto que unha cápsula se rompeu e en outra houbo un erro de peso, pero esta foi a que máis se aproximou a porcentaxe que queríamos obter.

Por último anotamos os resultados e fixémos as porcentaxes.

6. Resultados e cálculos:

Grupo	Mg	Osíxeno	Óxido de Mg	m Mg : m Osíxeno
1	0.5g	0.6g	1.1g	0.83
2	1.0g	0.7g	1.7g	1.43
3	1.5g	1.1g	2.6g	1.36

7. Conclusións:

Ó realizar esta práctica chegamos a conclusión de que a lei de Proust e certa e que a materia se transforma, nin se crea nin se destrúe.